

# CERTAME DE COMIC CONCELLO DE MOAÑA

1. Dirixido á Mocidade en dúas categorías:

CATEGORIA Sardiña: DE 14 a 18 anos

CATEGORIA Xouviña: menores de 14 anos

2. Os traballos serán orixinais e escritos en galego, non sendo premiados en ningún outro certame. Tema e técnica libre en formato DIN A4. A extensión será entre 3 e 4 páxinas para as categorías Sardiña e entre 2 e 4 páxinas a categoría Xouviña.

3. As obras poderán facerse de xeito individual ou ben conxuntamente entre guionista e debuxante. A data de entrega de orixinais realizarase dende o **luns 22 de marzo de 2021 até o venres 7 de maio de 2021**. Entregaranse na cMo-Casa da Mocidade de Moaña, Rúa María Martín s/n, Moaña PONTEVEDRA. O sistema de entrega será baixo plica (nun sobre pechado aparte, no exterior figurará o título ou lema e a categoría na que participan. E no interior nome e apelidos, DNI, teléfono de contacto, correo electrónico e enderezo.) Tamén se poderá presentar de forma telemática ao enderezo electrónico: **mocidade@concellodemoaña.org**. no que se presentará dous arquivos en formato pdf:

- títulooulema.pdf: neste documento que terá por nome o título ou lema da obra, presentarase a obra que se presenta ao concurso.
- plicatítulooulema.pdf: na que se presentará unha folla con: nome e apelidos, categoría na que participa, título ou lema da obra, DNI, enderezo electrónico, dirección e teléfono de contacto.

4. Establécense os seguintes premios:

5. CATEGORIA Sardiña: 300 € bono comercio do Morrazo.  
CATEGORIA Xouviña: 150€ bono comercio do Morrazo.

6. O xurado estará presidido polo Concelleiro delegado da área de Mocidade, así como dúas persoas cualificadas no ámbito da cultura e do debuxo que poidan escoller as obras premiadas. O Xurado poderá considerar deserto calquera dos premios. O fallo darase a coñecer aos medios de comunicación e a través das redes sociais do Concello de Moaña e da cMo- Casa da Mocidade de Moaña. A entrega estará relacionada coas actividades da COMICON MOAÑA.

8. As obras gañadoras pasarán a ser propiedade do concello de Moaña e publicarase na revista O Fisgón de cómic coordinada polo IES Paralaia. A participación implica a aceptación destas bases.




Ilustración: Juan Díaz Sticorti (publicada en "O Fisgón" 2019)